

II CONCURSO DE DEBUXOS 25N

O concello do Pereiro de Aguiar, a través do CIM Padre Feijóo, convoca o “II concurso de debuxos 25N” en conmemoración do día internacional contra a violencia de xénero.

- 1. Obxectivo:** prever, concienciar e sensibilizar dende a infancia para rexeitar e poñer fin a toda clase de violencia
- 2. Temática:** expoñer, a través dun debuxo, viñeta ou slogan, algunha das formas de violencia de xénero que identifiquen ou coñezan.
- 3. Idade:** poderá participar todo o alumnado dos centros escolares e institutos do concello do Pereiro nas seguintes categorías:
 - Primaria: dende 1º a 6º curso
 - Secundaria: dende 1º a 4º curso

A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases.

- 4. Características dos debuxos:** autoría orixinal, en formato papel ou cartolina DIN A-4, empregando calquera técnica ou procedemento, indicando na parte traseira nome, apelidos, idade, curso da/o alumna/o, centro escolar ao que pertence e teléfono de contacto.
- 5. Xurado e fallo:** o xurado estará composto pola concelleira da Área de Benestar Social, técnica pedagoga e educadora de adultos e técnica do CIM. O fallo emitirase o día 15 de novembro, dando a coñecer ás gañadoras/gañadores do concurso por vía telefónica, web e redes sociais do concello. Escollerase un debuxo gañador por cada categoría.
- 6. Premios:** os debuxos gañadores servirán para facer os carteis conmemorativos do 25N día internacional contra a violencia de xénero, e repartiranse entre os distintos centros educativos que participen na convocatoria así como ás gañadoras/gañadores de cada categoría.
- 7. Dereitos de propiedade:** cada partícipe cede os dereitos da autoría dos debuxos ao concello do Pereiro, quen poderá exercer calquera dereito de reprodución, edición, exposición ou explotación dos mesmos.



8. Prazo e lugar de entrega dos debuxos: a data límite de entrega é o 14 de novembro, de forma presencial nas oficinas do CIM (Centro de Información á muller) do concello do Pereiro, Praza do Concello, nº1, de luns a venres, en horario de 9:00 a 15:00 h

9. Máis información: Para calquera aclaración poderán dirixirse á organización a través do c-e: asesoriajuridica.cim@pereiro.gal ou teléfonos: 699.583.252 – 988.032.554

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde,

Luis Menor Pérez

